

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

2557 *Real decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas.*

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, configura un marco normativo completo dirixido a garantir a articulación das actividades humanas no mar, de maneira que non se comprometa a conservación dos ecosistemas mariños, co principal obxectivo de lograr ou manter un bo estado ambiental do medio mariño. Incorpora así ao dereito español a Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitario para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña).

Unha das principais medidas contidas na Lei 41/2010, do 29 de decembro, é a regulación das estratexias mariñas, como instrumentos de planificación de cada unha das cinco demarcacións mariñas en que a lei subdivide o medio mariño español. Segundo o seu artigo 7, as estratexias mariñas constitúen o marco xeral a que deberán axustarse necesariamente as diferentes políticas sectoriais e actuacións administrativas con incidencia no medio mariño, de acordo co establecido na lexislación sectorial correspondente. O artigo 15 sinala que as estratexias mariñas deberán ser aprobadas polo Goberno mediante real decreto. De acordo con isto, con data do 19 de novembro de 2018 ditouse o Real decreto 1365/2018, do 2 novembro, polo que se aproban as estratexias mariñas.

Por outra parte, o artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, establece que «a autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente, de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente».

De acordo con isto, este real decreto desenvolve o procedemento de tramitación dos informes de compatibilidade que debe emitir o Ministerio para a Transición Ecolóxica e establece os criterios de compatibilidade das actividades sinaladas no artigo 3.3 da lei coas estratexias mariñas.

O real decreto consta de tres capítulos, dez artigos, unha disposición transitoria sobre aquelas actuacións que xa contan con declaración ou informe de impacto ambiental, unha disposición adicional única sobre a defensa nacional e tres disposicións derradeiras: a primeira sobre o título competencial, a segunda sobre habilitación de desenvolvemento a terceira sobre entrada en vigor.

Finalmente, a norma contén tres anexos técnicos: o anexo I recolle as actuacións que se consideran en calquera caso incluídas no ámbito de aplicación da norma; o anexo II recolle os obxectivos ambientais que se deben ter en conta na análise das actuacións en cada demarcación mariña, que de momento son os aprobados en 2012, sen prexuízo de que serán substituídos en breve polos do segundo ciclo das estratexias mariñas (2018-2024) cuxo procedemento de elaboración está en fase avanzada de tramitación, e o anexo III describe os criterios para avaliar a compatibilidade das actuacións coas estratexias mariñas.

O presente real decreto elaborouse conforme os principios que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de necesidade, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen, e a Lei 41/2010, do 29 de decembro, prevé

o desenvolvemento destes criterios de compatibilidade, de proporcionalidade xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, e seguraza xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, e permite aos operadores o coñecemento previo dos trámites, requisitos e criterios necesarios. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, pois asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación e transparencia ao se ter garantido unha ampla participación na súa elaboración.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente. A habilitación para levar a cabo este desenvolvemento regulamentario está contida no artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

Durante a súa tramitación, o regulamento foi sometido a información pública coa participación de numerosos sectores, organismos e entidades afectados. Así mesmo, solicitouse informe aos departamentos ministeriais e comunidades autónomas afectadas e foi sometido á deliberación do Consello Asesor de Medioambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas das actuacións suxeitas ao seu ámbito de aplicación, así como o procedemento de emisión do informe de compatibilidade coas estratexias mariñas.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

- a) Actuación: calquera actividade que requira ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras.
- b) Obxectivo ambiental: expresión cualitativa ou cuantitativa do estado desexado dos diversos compoñentes do medio mariño con respecto a cada demarcación mariña, así como das presións e os impactos sobre o dito medio.
- c) Criterios de compatibilidade: características técnicas, limiares ou elementos de xuízo utilizados para valorar se as actuacións son compatibles coa consecución dos obxectivos ambientais da estratexia mariña correspondente.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase ás actuacións descritas no anexo I que requiran ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, no seu leito ou no seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como ás verteduras, que se desenvolvan en calquera das cinco demarcacións mariñas definidas no artigo 6.2 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

2. O informe de compatibilidade emitirase para as actuacións citadas no punto anterior, con motivo da súa aprobación ou autorización, modificación, renovación ou prórroga, conforme a lexislación sectorial aplicable.

3. De conformidade co disposto no artigo 2.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, e do artigo 2.2 do Real decreto 1365/2018, do 2 de novembro, polo que se aproban as estratexias mariñas, este real decreto será de aplicación ás augas costeiras definidas no artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, en relación con aqueles aspectos do estado ambiental do medio mariño que xa estean regulados no citado texto refundido ou nos seus desenvolvementos regulamentarios, exclusivamente en canto ao cumprimento, en todo caso, dos obxectivos ambientais establecidos nas estratexias mariñas.

4. Este real decreto non se aplicará ás actuacións desenvolvidas en augas de transición.

5. O presente real decreto non será de aplicación ás actividades cuxo único propósito sexa a defensa ou a seguranza nacional, que fosen así declaradas polo Consello de Ministros, mediante acordo e logo de ditame do Consello de Estado, conforme o artigo 2.4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

CAPÍTULO II

Informe de compatibilidade e procedemento

Artigo 4. *Informe de compatibilidade.*

1. A autorización ou aprobación das actuacións incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto deberá contar co informe favorable do Ministerio para a Transición Ecolóxica respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente. Corresponde á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar a emisión dos informes de compatibilidade coas estratexias mariñas, salvo no suposto do artigo 6.3, en que o informe de compatibilidade o emitirán os servizos periféricos de Costas.

2. O informe de compatibilidade analizará e pronunciarase sobre os posibles efectos da actuación sobre os obxectivos ambientais da estratexia mariña correspondente establecidos no anexo II mediante a aplicación dos criterios de compatibilidade recollidos no anexo III, e referirase exclusivamente á actuación que se somete a informe de compatibilidade.

3. Carecerán de validez os actos de aprobación ou autorización de actuacións suxeitas a informe de compatibilidade que non fosen obxecto de informe ou este fose desfavorable, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, poidan corresponder en aplicación do artigo 36 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, e a lexislación sectorial a que este remite, ou do artigo 55 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. As medidas cautelares ou sancionadoras que poidan ser necesarias para restaurar a legalidade serán adoptadas, de ser o caso, polo órgano administrativo que aprobouse ou autorizase a actuación.

Artigo 5. *Solicitud.*

1. As solicitudes de informe de compatibilidade coa estratexia mariña deberanse presentar con carácter previo á autorización ou aprobación das actuacións descritas no anexo I, dirixidas á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar.

Poderanse presentar ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica ou en calquera dos lugares e rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Se o solicitante se encontra nalgún dos supostos do artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, estará obrigado a presentar a solicitude por medios electrónicos.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Proxecto ou memoria da actuación que se pretende realizar.

b) Documentación técnica complementaria relativa aos hábitats e especies da zona onde se quere realizar a actuación.

c) Informe xustificativo da adecuación da actuación aos criterios de compatibilidade e da súa contribución á consecución dos obxectivos ambientais. No caso de actuacións que se desenvolvan en espazos mariños protexidos, este informe deberá incluír, ademais, unha análise específica en relación cos valores protexidos presentes nestes espazos e unha xustificación de que a actuación é compatible coa conservación destes valores.

3. Se a documentación que se xunta á solicitude presentada é incompleta ou contén erros emendables, o órgano competente requirirá os solicitantes para que, no prazo de dez días hábiles, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, emenden a falta ou xunten os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixeren, se considerará que desisten da súa solicitude, de acordo co dito artigo e cos efectos previstos no seu artigo 21.

Artigo 6. *Incardinación do informe de compatibilidade noutros procedementos.*

1. No caso de actuacións públicas ou privadas, suxeitas a procedemento de avaliación de impacto ambiental, ordinaria ou simplificada, o informe de compatibilidade solicitarase como parte do trámite de consulta ás administracións públicas afectadas, regulado nos artigos 37 e 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou na lexislación autonómica correspondente.

2. No caso de actuacións públicas ou privadas sometidas a reserva, adscrición, autorización ou concesión conforme a Lei de costas ou a lexislación sectorial e non suxeitas a procedemento de avaliación de impacto ambiental, o informe de compatibilidade solicitarase ao mesmo tempo que se presente a solicitude do correspondente título de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, conforme os artigos 31 e seguintes da Lei de costas, e emitírase no seo dese procedemento.

3. No caso de proxectos de dragaxe non suxeitos a procedemento de avaliación de impacto ambiental, o pronunciamento sobre a compatibilidade coa estratexia mariña incorporárase á autorización ou informe que corresponde emitir ao servizo provincial de costas de acordo co artigo 64.2 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro.

4. Os proxectos que promova a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar requirirán para a súa aprobación a comprobación previa da súa compatibilidade coa estratexia mariña. Para iso, incorporárase o pronunciamento sobre tal compatibilidade á resolución de aprobación definitiva do proxecto no suposto de que o dito informe non fose emitido con anterioridade por estar a actuación sometida a procedemento de avaliación ambiental.

5. No caso de actuacións públicas ou privadas non incluídas nos puntos anteriores, o informe de compatibilidade deberase obter previamente á autorización ou aprobación da actuación, no seo do correspondente procedemento.

6. Cando nunha actuación concorran máis dun suposto dos enumerados nos puntos anteriores, o informe de compatibilidade deberá incardinarse no procedemento que aparece mencionado en primeiro lugar segundo a orde dos puntos anteriores.

Artigo 7. *Emisión do informe de compatibilidade.*

1. O informe de compatibilidade coa estratexia mariña terá a natureza de informe preceptivo e vinculante.

2. O seu sentido poderá ser:

a) Favorable, se a execución da actuación é compatible coa estratexia mariña correspondente.

b) Desfavorable, se non se dan os supostos previstos no anexo III ou ben as actuacións que se pretendan levar a cabo vulneran os obxectivos ambientais da estratexia

mariña correspondente establecidos no anexo II, de modo que a execución da actuación non resulta compatible coa estratexia mariña correspondente.

c) Favorable con condicións, se a execución da actuación é compatible coa estratexia mariña correspondente pero debe levarse a cabo observando certas condicións na súa execución. En tal caso, o informe fixará as condicións que resulten necesarias para que a actuación sexa plenamente compatible co contido da estratexia.

3. O informe de compatibilidade emitirase no prazo de trinta días hábiles. A falta de emisión do informe de compatibilidade no prazo establecido en ningún caso poderá entenderse equivalente a un informe de compatibilidade favorable, e conforme o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ao tratarse dun informe preceptivo, poderá suspenderse o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento nos termos establecidos na letra d) do punto 1 do artigo 22 da citada lei. En todo caso, de suspenderse o prazo, deberase comunicar tal circunstancia ao interesado.

4. O informe de compatibilidade non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, de ser o caso, procedan en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo cal se autoriza a actuación.

5. En todo caso, a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar poderá dispor da información recollida nos programas de vixilancia ambiental das actuacións que sexan autorizadas, co fin de obter datos adicionais aos programas de seguimento das estratexias mariñas que contribúan á avaliación do estado ambiental e á consecución dos obxectivos ambientais na demarcación mariña en que se desenvolva.

CAPÍTULO III

Actuacións especiais e vixencia

Artigo 8. *Actuacións en espazos mariños protexidos.*

1. Nas actuacións que poidan afectar directa ou indirectamente espazos mariños protexidos de competencia estatal, o informe de compatibilidade, ademais dos criterios previstos no anexo III, terá en conta os valores protexidos presentes neses espazos, os plans de xestión destes e a normativa específica que os regule.

2. Cando a actuación se localice sobre espazos naturais protexidos de xestión autonómica, o informe de compatibilidade coa estratexia mariña ponderará o indicado no informe previo da Administración autonómica competente para a xestión deses espazos, de ser o caso.

Artigo 9. *Actuacións periódicas e actuacións que afectan máis dunha demarcación mariña.*

1. No caso de actuacións con prazo de duración total inferior a un ano que sexan susceptibles de repetirse periodicamente en anos sucesivos en idénticas condicións, a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar poderá establecer no seu informe de compatibilidade a súa vixencia para as sucesivas actuacións por un número de anos non superior a catro.

2. Nestes casos, deberase facer referencia expresa á dita circunstancia na solicitude, detallando as actuacións periódicas e xustificando a súa periodicidade.

3. A documentación presentada xunto coa solicitude recollerá as actuacións periódicas previstas nun período máximo de catro anos.

4. Nos casos en que resulte afectado pola actuación o espazo de máis dunha demarcación mariña, emitirase un único informe de compatibilidade.

Artigo 10. *Período de vixencia do informe de compatibilidade.*

1. Con carácter xeral, o informe de compatibilidade terá un período de vixencia de catro anos desde a súa notificación. No caso de non ser executada a actuación no prazo de catro anos, deberase solicitar un novo informe de compatibilidade.

2. Non obstante, no caso previsto no artigo 6.1, o período de vixencia do informe de compatibilidade coincidirá co de vixencia da declaración de impacto ambiental ou do informe ambiental correspondente.

3. O período de vixencia do informe concluirá antes de transcorreren catro anos desde que se dite nos seguintes casos:

a) Cando se produza a extinción do título administrativo de ocupación do dominio público marítimo-terrestre ou da autorización ou aprobación que ampare a actuación suxeita ao informe.

b) No caso de actuacións suxeitas a avaliación ambiental, cando se emita unha declaración ou informe de impacto ambiental desfavorable, se produza a súa caducidade ou se archive do expediente de avaliación ambiental.

Disposición adicional única. *Defensa nacional.*

Calquera actuación das administracións competentes na aplicación das estratexias mariñas, que dimane deste real decreto e os seus anexos, ou a súa normativa de aplicación ou desenvolvemento, e que incida sobre zonas declaradas de interese para a defensa nacional ou zonas de seguranza de instalacións militares e o seu espazo aéreo, ou que impliquen establecer limitacións ou prohibicións á operación de buques da Armada ou aeronaves militares, necesitará o informe preceptivo do Ministerio de Defensa, co fin de evitar que poidan supor mingua ou quebranto da operatividade militar e do dito interese da defensa nacional.

Disposición transitoria única. *Actuacións sen autorización ou aprobación e con declaración ou informe de impacto ambiental.*

1. As previsións do presente real decreto en canto á emisión do informe de compatibilidade serán de aplicación a aqueles procedementos iniciados e aínda non finalizados no momento da súa entrada en vigor.

2. Así mesmo, será exixible o informe de compatibilidade para a modificación, renovación ou prórroga daquelas actuacións existentes no momento da entrada en vigor do presente real decreto.

3. Para actuacións que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, contén con declaración ou informe de impacto ambiental favorable, pero carezan de autorización ou aprobación emitida polo órgano substantivo e informe de compatibilidade, o órgano substantivo solicitará informe de compatibilidade ao Ministerio para a Transición Ecolóxica con carácter previo ao outorgamento de tal autorización.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

O presente real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a ministra para a Transición Ecolóxica para actualizar os anexos I e II co fin de adaptalos ao disposto na normativa da Unión Europea e ao coñecemento científico e técnico, así como para ditar as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a correcta aplicación das disposicións contidas no presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ

ANEXO I

Actuacións que deben contar con informe de compatibilidade coas estratexias mariñas

- A. Sondaxes exploratorias e explotación de hidrocarburos no subsolo mariño.
- B. Almacenamento xeolóxico de gas ou CO₂.
- C. Instalación de gasodutos e oleodutos sobre o leito mariño ou enterrados baixo del.
- D. Instalación de cables submarinos de telecomunicacións ou de electricidade, colocados sobre o leito mariño ou enterrados baixo del.
- E. Instalación de conducións para verteduras desde terra ao mar ou captacións de auga de mar sobre o leito mariño ou enterradas baixo del.
- F. Infraestruturas mariñas portuarias.
- G. Infraestruturas mariñas de defensa da costa.
- H. Dragaxes e verteduras ao mar de material dragado, incluídas as dragaxes para mellorar o calado dos portos ou das súas canles de acceso.
- I. Extracción de agregados submarinos, incluída a realizada con destino á creación ou rexeneración de praias e sen prexuízo da prohibición de extracción de agregados para a construción, conforme o sinalado no artigo 63.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- J. Minaría submarina.
- K. Rexeneración ou creación de praias, sempre que se trate dunha achega externa de agregados que se realice por debaixo da cota da preamar máxima viva equinoccial.
- L. Proxectos diferentes das achegas de area a praias e da construción de novas infraestruturas portuarias e de defensa da costa, encamiñados a ganar terras ao mar con achega de materiais de calquera procedencia.
- M. Enerxías renovables no mar.
- N. Balizamentos de sinalización de áreas ecoturísticas, áreas de custodia mariña ou asimiladas mediante a instalación de boias ou calquera outro dispositivo flotante, sempre e cando vaian ancorados ao fondo mariño.
- O. Ancoradouros fóra da zona de servizo adscrita aos portos, e dentro da zona de servizo cando na súa instalación e uso se afecten de forma directa espazos mariños protexidos ou hábitats ou especies con algunha figura de protección.
- P. Arrecifes artificiais.
- Q. Instalacións de acuicultura mariña para o cultivo ou engorda de especies comerciais.
- R. Actividade económica de colocación de urnas funerarias ou cinzas funerarias no mar.
- S. Outras: calquera outra actuación susceptible de estar suxeita a informe de compatibilidade por tratarse dun dos supostos sometidos a un dos procedementos do artigo 6 e que estea directamente relacionada coa consecución dos obxectivos ambientais e supoña un risco para o bo estado ambiental, conforme o sinalado no punto 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

ANEXO II

Lista indicativa de obxectivos ambientais das estratexias mariñas que deben ser considerados na análise de compatibilidade das actuacións

A avaliación da compatibilidade de actuacións coa estratexia mariña correspondente realizarase caso por caso, tendo en consideración os seus efectos sobre os obxectivos ambientais das estratexias mariñas, e sobre a consecución do bo estado ambiental.

Os obxectivos ambientais pódense consultar na Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2012, polo que se aproban os obxectivos ambientais das estratexias mariñas españolas. O anexo da citada resolución, en que se enumeran e se detallan os obxectivos ambientais das estratexias mariñas, figura na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica, no seguinte enderezo:

https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/objetivosambientalesboeanexo_tcm30-380351.pdf.

Estes obxectivos son obxecto de revisión periódica, seguindo o establecido no artigo 20 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, e no artigo 7 do presente real decreto.

Demarcación Mariña Noratlántica

Actuacións	Obxectivos ambientais específicos ¹															
	A				B								C			
	1.1	1.2	1.4	1.5	1.1	1.2	1.5	1.10	2.1	2.2	2.3	2.4	2.1	2.2	3.5	
A	Sondaxes exploratorias e explotación de hidrocarburos no subsolo mariño.	X		X				X	X	X	X	X	X	X	X	X
B	Almacenamento xeolóxico de gas ou CO ₂ .	X		X				X	X	X	X	X	X	X	X	X
C	Instalación de gasodutos e oleodutos sobre o leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X
D	Instalación de cables submarinos de telecomunicacións ou transporte de electricidade colocados no leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X				X	X	X			X	X	X	X
E	Instalación de conducións para verteduras desde terra ao mar ou captacións de auga de mar sobre o leito mariño ou enterradas baixo del.	X		X		X		X	X	X			X	X	X	X
F	Infraestruturas mariñas portuarias.	X	X	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X
G	Infraestruturas mariñas de defensa da costa.	X	X	X				X	X					X	X	X
H	Dragaxes e verteduras ao mar de material dragado, incluídas as dragaxes para mellorar o calado dos portos ou das súas canles de acceso.	X	X	X				X	X	X	X			X	X	X
I	Extracción de agregados submarinos, incluída a realizada con destino á creación ou rexeneración de praias e sen prexuízo da prohibición de extracción de agregados para a construción, conforme o sinalado no artigo 63.2 da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas.	X	X	X				X	X	X	X			X	X	X
J	Minaría submarina.	X	X	X				X	X	X	X			X	X	X
K	Rexeneración de praias, sempre que se trate dunha achega externa de agregados que se realice por debaixo da cota da preamar máxima viva equinoccial.	X	X	X				X		X	X			X	X	X
L	Proxectos diferentes ás achegas de area a praias e á construción de novas infraestruturas portuarias e de defensa da costa, encamiñados a ganar terras ao mar, con achega de materiais de calquera procedencia.	X	X	X				X	X	X	X			X	X	X
M	Energías renovables no mar.	X		X				X	X	X				X	X	X

Actuacións		Obxectivos ambientais específicos ¹														
		A				B								C		
		1.1	1.2	1.4	1.5	1.1	1.2	1.5	1.10	2.1	2.2	2.3	2.4	2.1	2.2	3.5
N	Balizamentos de sinalización de áreas ecoturísticas, áreas de custodia mariña ou asimiladas, mediante a instalación de boias ou calquera outro dispositivo flotante, sempre e cando vaian ancorados ao fondo mariño.	X		X					X							
O	Ancoradros fóra da zona de servizo adscrita aos portos, e dentro da zona de servizo cando na súa instalación e uso se afecten de forma directa espazos mariños protexidos ou hábitats ou especies con algunha figura de protección.	X	X	X			X	X	X					X	X	X
P	Arrecifes artificiais.	X	X	X				X		X	X	X		X	X	X
Q	Instalacións de acuicultura mariña para o cultivo ou engorda de especies comerciais.	X	X	X	X			X	X		X	X		X	X	X
R	Actividade económica de colocación de urnas funerarias ou cinzas funerarias no mar.	X		X			X	X		X	X					
S	Outras: calquera outra actuación susceptible de estar suxeita a informe de compatibilidade por tratarse dun dos supostos sometidos a un dos procedementos do artigo 6 e que estea directamente relacionada coa consecución dos obxectivos ambientais e supoña un risco para o bo estado ambiental, conforme o sinalado no punto 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.	X	X	X				X	X					X	X	

¹ Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2012 polo que se aproban os obxectivos ambientais das estratexias mariñas españolas (www.boe.es/boe/dias/2012/11/27/pdfs/BOE-A-2012-14545.pdf).

Os obxectivos ambientais específicos da Demarcación Mariña Noratlántica que se resumen nesta táboa poden consultarse na súa versión íntegra en: https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/em_noratlantica_objetivos_tcm30-130874.pdf.

Demarcación Mariña Suratlántica

Actuacións		Obxectivos ambientais específicos ¹														
		A				B								C		
		1.1	1.2	1.4	1.5	1.1	1.2	1.4	1.9	2.1	2.2	2.3	2.4	2.1	2.2	3.5
A	Sondaxes exploratorias e explotación de hidrocarburos no subsolo mariño.	X		X			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
B	Almacenamento xeolóxico de gas ou CO ₂ .	X		X			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
C	Instalación de gasodutos e oleodutos sobre o leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
D	Instalación de cables submarinos de telecomunicacións ou transporte de electricidade colocados no leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X			X	X	X			X	X	X	X	X
E	Instalación de conducións para verteduras desde terra ao mar ou captacións de auga de mar sobre o leito mariño ou enterradas baixo del.	X		X		X	X	X	X			X	X	X	X	X
F	Infraestruturas mariñas portuarias.	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
G	Infraestruturas mariñas de defensa da costa.	X	X	X			X	X					X	X	X	
H	Dragaxes e verteduras ao mar de material dragado, incluídas as dragaxes para mellorar o calado dos portos ou das súas canles de acceso.	X	X	X		X	X	X	X	X	X		X	X	X	

Actuacións	Obxectivos ambientais específicos ¹														
	A				B								C		
	1.1	1.2	1.4	1.5	1.1	1.2	1.5	1.9	2.1	2.2	2.3	2.4	2.1	2.2	3.5
D	X		X			X	X	X				X	X	X	X
E	X		X		X	X	X	X				X	X	X	X
F	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
G	X	X	X				X	X					X	X	X
H	X	X	X			X	X	X	X	X	X		X	X	X
I	X	X	X			X	X	X	X	X	X		X	X	X
J	X	X	X			X	X	X	X	X	X		X	X	X
K	X	X	X				X		X	X	X		X	X	X
L	X	X	X			X	X	X	X	X	X		X	X	X
M	X		X			X	X	X					X	X	X
N	X		X				X								
O	X	X	X			X	X	X					X	X	X
P	X	X	X				X		X	X	X		X	X	X
Q	X	X	X	X		X	X		X	X			X	X	X
R	X		X			X	X		X	X					
S	X	X	X				X	X					X	X	

¹ Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2012 polo que se aproban os obxectivos ambientais das estratexias mariñas españolas (www.boe.es/boe/dias/2012/11/27/pdfs/BOE-A-2012-14545.pdf).

Os obxectivos ambientais específicos da Demarcación Mariña Estreito e Alborán que se resumen nesta táboa poden consultarse na súa versión íntegra en: https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/em_estrecho_alboran_objetivos_tcm30-130910.pdf.

Demarcación Mariña Levantino-Balear

Actuacións	Obxectivos ambientais específicos ¹																
	A				B								C				
	1.1	1.2	1.4	1.5	1.1	1.2	1.5	1.9	2.1	2.2	2.3	2.4	2.1	2.2	2.3	2.4	3.5
A	X		X			X	X	X	X	X	X	X	X	X			X
B	X		X			X	X	X	X	X	X	X	X	X			X
C	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X			X
D	X		X			X	X	X				X	X	X			X
E	X		X		X	X	X					X	X	X			X
F	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
G	X	X	X			X	X						X	X	X	X	X
H	X	X	X			X	X	X	X	X			X	X			X
I	X	X	X			X	X	X	X	X			X	X			X
J	X	X	X			X	X	X	X	X			X	X			X
K	X	X	X				X		X	X	X		X	X			X
L	X	X	X			X	X	X	X	X			X	X			X
M	X		X			X	X	X					X	X			X
N	X		X				X										
O	X	X	X			X	X	X					X	X			X
P	X	X	X				X		X	X	X		X	X			X
Q	X	X	X	X		X	X		X	X			X	X			X
R	X		X			X	X		X	X							

Actuacións	Obxectivos ambientais específicos ¹																	
	A				B								C					
	1.1	1.2	1.4	1.5	1.1	1.2	1.5	1.9	2.1	2.2	2.3	2.4	2.1	2.2	2.3	2.4	3.5	
S	Outras: calquera outra actuación susceptible de estar suxeita a informe de compatibilidade por tratarse dun dos supostos sometidos a un dos procedementos do artigo 6 e que estea directamente relacionada coa consecución dos obxectivos ambientais e supoña un risco para o bo estado ambiental, conforme o sinalado no punto 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.	X	X	X				X	X					X	X			

¹ Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2012 polo que se aproban os obxectivos ambientais das estratexias mariñas españolas (www.boe.es/boe/dias/2012/11/27/pdfs/BOE-A-2012-14545.pdf).

Os obxectivos ambientais específicos da Demarcación Mariña Levantino-Balear que se resumen nesta táboa poden consultarse na súa versión íntegra en: https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/em_levantino_balear_objetivos_tcm30-130928.pdf.

Demarcación Mariña Canaria

Actuacións	Obxectivos ambientais específicos ¹																	
	A					B							C					
	1.1	1.2	1.4	1.5	1.8	1.1	1.2	1.4	1.6	2.1	2.2	2.3	2.1	2.2	3.5			
A	Sondaxes exploratorias e explotación de hidrocarburos no subsolo mariño.	X		X		X		X	X	X	X	X	X	X	X			
B	Almacenamento xeolóxico de gas ou CO ₂ .		X	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
C	Instalación de gasodutos e oleodutos, sobre o leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
D	Instalación de cables submarinos de telecomunicacións ou transporte de electricidade, colocados no leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X		X		X	X	X			X	X	X	X		
E	Instalación de conducións para verteduras desde terra ao mar ou captacións de auga de mar sobre o leito mariño ou enterrados baixo del.	X		X		X	X	X	X	X			X	X	X	X		
F	Infraestruturas mariñas portuarias.	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
G	Infraestruturas mariñas de defensa da costa.	X	X	X		X		X	X	X			X	X	X	X		
H	Dragaxes e verteduras ao mar de material dragado, incluídas as dragaxes para mellorar o calado dos portos ou das súas canles de acceso.	X	X	X		X		X	X	X	X	X		X	X	X		
I	Extracción de agregados submarinos, incluída a realizada con destino á creación ou rexeneración de praias e sen prexuízo da prohibición de extracción de agregados para a construción, conforme o sinalado no artigo 63.2 da Lei 22/1988, do 22 de xullo, de costas.	X	X	X		X		X	X	X	X	X		X	X	X		
J	Minaría submarina.	X	X	X		X		X	X	X	X	X		X	X	X		
K	Rexeneración de praias, sempre que se trate dunha achega externa de agregados que se realice por debaixo da cota da preamar máxima viva equinoccial.	X	X	X		X		X		X	X			X	X	X		
L	Proxectos diferentes ás achegas de area a praias e á construción de novas infraestruturas portuarias e de defensa da costa, encamiñados a ganar terras ao mar, con achega de materiais de calquera procedencia.	X	X	X		X		X	X	X	X	X		X	X	X		
M	Enerxías renovables no mar.	X		X		X		X	X	X				X	X	X		

Actuacións		Obxectivos ambientais específicos ¹																	
		A					B					C							
		1.1	1.2	1.4	1.5	1.8	1.1	1.2	1.4	1.6	2.1	2.2	2.3	2.1	2.2	3.5			
N	Balizamentos de sinalización de áreas ecoturísticas, áreas de custodia mariña ou asimiladas, mediante a instalación de boias ou calquera outro dispositivo flotante, sempre e cando vaian ancorados ao fondo mariño.	X		X		X				X									
O	Ancoradros fóra da zona de servizo adscrita aos portos, e dentro da zona de servizo cando na súa instalación e uso se afecten de forma directa espazos mariños protexidos ou hábitats ou especies con algunha figura de protección.	X	X	X		X		X	X	X							X	X	X
P	Arrecifes artificiais.	X	X	X		X			X		X	X				X	X	X	
Q	Instalacións de acuicultura mariña para o cultivo ou engorda de especies comerciais.	X	X	X	X	X		X	X		X					X	X	X	
R	Actividade económica de colocación de urnas funerarias ou cinzas funerarias no mar.	X		X		X		X	X		X								
S	Outras: calquera outra actuación susceptible de estar suxeita a informe de compatibilidade por tratarse dun dos supostos sometidos a un dos procedementos do artigo 6 e que estea directamente relacionada coa consecución dos obxectivos ambientais e supoña un risco para o bo estado ambiental, conforme o sinalado no punto 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.	X	X	X					X	X						X	X		

¹ Resolución do 13 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 2 de novembro de 2012 polo que se aproban os obxectivos ambientais das estratexias mariñas españolas (www.boe.es/boe/dias/2012/11/27/pdfs/BOE-A-2012-14545.pdf).

Os obxectivos ambientais específicos da Demarcación Mariña Canaria que se resumen nesta táboa poden consultarse na súa versión íntegra en: https://www.miteco.gob.es/es/costas/temas/proteccion-medio-marino/em_canaria_objetivos_tcm30-130946.pdf.

ANEXO III

Criterios específicos para avaliar a compatibilidade de determinadas actuacións coas estratexias mariñas

Establécense os seguintes criterios de compatibilidade, en función da tipoloxía de actuacións:

a) As actuacións de dragaxe e recolocación de materiais no mar terán en conta as directrices que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Mentres non se aproben estas directrices, empregaranse como referencia as «Directrices para a caracterización do material dragaxe e a súa recolocación en augas do dominio público marítimo-terrestre» (Magrama 2014), aprobadas pola Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas en abril de 2014, as súas actualizacións posteriores ou a disposición que as substitúa, de ser o caso.

b) As actuacións de infraestruturas mariñas portuarias terán en conta as directrices correspondentes que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

c) As actuacións de rexeneración de praias terán en conta as directrices sobre a aceptabilidade da área de achega a praias que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Mentres non se aproben estas directrices, empregaranse como referencia os limiares e criterios de calidade do material que recolle a «Instrución técnica para a xestión ambiental das extraccións mariñas para a obtención de area» (Magrama 2010).

d) As actuacións referidas a arrecifes artificiais terán en conta as directrices para a instalación e xestión de arrecifes artificiais que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

e) As conducións para verteduras desde terra ao mar ou captacións de auga de mar terán en conta as directrices correspondentes que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.

f) As instalacións de acuicultura mediante gaiolas flotantes terán en conta as directrices que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro. Mentres non se aproben estas directrices, empregaranse como referencia o documento «Proposta metodolóxica para a realización dos plans de vixilancia ambiental dos cultivos mariños en gaiolas flotantes» (Magrama 2012), así como as súas actualizacións, e as publicacións oficiais de carácter ambiental (guías de boas prácticas, propostas metodolóxicas, etc) emitidas pola comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se encontre a instalación acuícola.

g) A colocación de urnas funerarias ou cinzas funerarias no mar deberá garantir mediante certificado que as urnas son biodegradables, así como presentar declaración responsable de que todos os elementos lanzados ao mar están libres de substancias contaminantes, sen prexuízo da autorización perceptiva da Dirección Xeral da Mariña Mercante para a colocación desas urnas.

h) As actuacións non previstas nos puntos anteriores terán en conta, de ser o caso, as directrices que aprobe o Goberno en cumprimento dos puntos 2 e 3 do artigo 4 da Lei 41/2010, do 29 de decembro.